

RESOLUCIÓN do 19 de febreiro de 2021 do xefe do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas en Pontevedra pola que se sinala a data para o pago de depósitos previos e a formalización das actas de ocupación do proxecto de construción do Fomento da Mobilidade Sostible. Senda na PO-531. Treito: A Devesa. P.Q. 5+460 - 6+900, de clave PO/17/261.06, no concello de Pontevedra.

En cumprimento do disposto no artigo 49 do Regulamento de Expropiación Forzosa do 26 de abril de 1957 e ao abeiro das competencias delegadas por Orde do 7 de setembro de 2017 (DOG núm. 179 do 20.9.2017), este servizo procederá a executar o pagamento dos depósitos previos mediante transferencia bancaria ás persoas propietarias cuxa relación figura exposta no taboleiro de anuncios do concello.

No caso de non ter presentado a documentación acreditativa da titularidade da finca, o certificado de titularidade da conta bancaria, cos códigos IBAN e BIC, e a copia do DNI, consignarase o importe na Caixa Xeral de Depósitos conforme o disposto no artigo 51 do Decreto do 26 de abril de 1957 polo que se aproba o Regulamento de expropiación forzosa.

Así mesmo, en cumprimento do artigo 55 do Regulamento de expropiación forzosa convócanse ás persoas propietarias ao acto de formalización das actas de ocupación no lugar, día e hora seguintes:

*Lugar: Pazo da Cultura de Pontevedra*

*Data: 23 de marzo de 2021*

*Hora: Dende 10:00 ás 13:00 horas*

A relación de titulares estarán expostos nos concellos de Pontevedra, e no Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Avda. M<sup>a</sup> Victoria Moreno, n<sup>o</sup> 43-1<sup>o</sup>, 36003 Pontevedra, e publicarase no seguinte enlace da páxina web da consellería:

[https://infraestruturasmobilidade.xunta.gal/avisos?content=/Portal-Web/Contidos/Aviso/aviso\\_0231.html](https://infraestruturasmobilidade.xunta.gal/avisos?content=/Portal-Web/Contidos/Aviso/aviso_0231.html)

No mesmo acto ofertaranse ás persoas propietarias as valoracións establecidas pola administración para cada unha das fincas en concepto de mutuo acordo.

O presente acordo faise público, para xeral coñecemento, advertindo aos titulares que na acta figurarán os donos da cousa ou titulares do dereito expropiado, non admitíndose representación senón por medio de poder debidamente autorizado, xa sexa xeral ou particular para este caso, debendo achegar a documentación necesaria para acreditar a sucesión en caso de figurar o terreo a nome de herdeiros; e que deberá identificarse co documento nacional de identidade.

Co fin de que os actos de levantamento de actas derivadas dos procedementos expropiatorios se realicen de acordo coas medidas preventivas do risco de contaxio ante a situación provocada polo coronavirus COVID-19, a Axencia Galega de Infraestruturas aprobou o protocolo de actuación que deberán respectar todos os asistentes aos actos. Para tales efectos, cómpre pór en coñecemento dos interesados as seguintes indicacións:

- Os interesados poderán confirmar a data e hora fixada para a celebración do acto ou, no caso de concorreren motivos de inconveniencia por razóns de saúde e/ou de adopción de medidas que afecten favorablemente a prevención de contaxios, poderán propoñer outro horario diferente, logo de cita confirmada polo persoal de contacto.
- No momento da atención, tanto o persoal da Administración e da Asistencia Técnica como o expropiado usarán máscara de protección ou os sistemas de protección individual que nese momento sexan





obligatorios, respectando en todo momento a distancia de seguridade fixada. Para tales efectos, establécese a obriga de asistir ao acto provisto dos sistemas de protección individual (EPI) que en cada momento determine a autoridade competente. Porén, a Administración disporá de EPI no caso de que os expropiados non dispoñan deles.

- En caso de detectarse posibles síntomas compatibles coa COVID-19 nalgunha persoa presente, seguiranse obrigatoriamente as indicacións realizadas polas autoridades sanitarias para o efecto.
- Deberán asistir unicamente as persoas estritamente necesarias para a realización do trámite.
- Establécese a obriga de permanecer no local de reunión o tempo estritamente necesario.
- Non se poderá acudir no caso de presentar febre (>37<sup>o</sup>) ou síntomas de problemas respiratorios.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica  
O Xefe do Servizo Provincial de Pontevedra  
Manuel Angel González Juanatey

